

Expediente IET: P-21-019
Proxecto: Parque eólico Bustelo e Baralláns.
Concellos: Coristanco e Cabana de Bergantiños (A Coruña)
Promotor: EDP Renovables España, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 08/09/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Bustelo e Baralláns.

1. Antecedentes:

Con data do 24/02/2021 o IET emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais, facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (con data de xaneiro 2022, e asinado o 13/01/2022) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico.

O proxecto consiste na construción do parque eólico Bustelo e Baralláns, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora (SET) e edificio de control, torre meteorolóxica, torre de comunicacións e zonas de acopios). Os aeroxeradores terán 6 MW de potencia nominal; teñen altura de buxa de 122,5 metros e 155 metros de diámetro de rotor (altura en punta 200 metros). A torre meteorolóxica terá unha altura de 122,5 metros e a torre de comunicacións terá 80 metros. A lonxitude total da rede de camiños é de 8.607 metros, dos cales 4.298 metros son de nova construción, e 4.309 metros corresponden a pistas existentes que será necesario acondicionar. A lonxitude de gabias para cableado será de 12.830 metros. A enerxía xerada no parque evacuarase dende a SET conxuntamente coa do parque Alto Torreiro a través dunha liña aérea ata a subestación de Meirama (estas infraestruturas non son obxecto do presente proxecto). Os camiños para o acceso á SET polo norte da poligonal non se inclúen neste proxecto, senón no lindeiro PE Alto Torreiro.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP (data de xuño 2021) como documento específico (anexo 6).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística de Bergantiños. As áreas de especial interese paisaxístico máis próximas son: a AEIP-09-02 Río Lourido, situada ao carón da SET e do aeroxerador BB-05; a AEIP-09-01 Refuxio de Verdes, situada a 1600 metros ao nordés do aeroxerador BB-06 e a AEIP-09-06 Pozo da Forca localizada a 1600m ao sur da posición da máquina BB-01.

En relación aos miradoiros, os máis próximos serían os seguintes: Pico Meda (7,4 km ao sur), Alto da Fernandiña (8,3 km ao oeste), Miradoiro J.L. Rabuñal Patiño (7,3 km ao noroeste), Monte Branco (8,7 km ao noroeste), Capela de Nosa Señora do Faro (10,6 km ao noroeste), Fuso da Moura (11,2 km ao norte), Monte de Neme (8,5 km ao nordés).

Respecto a outros elementos de interese recollidos no Catálogo, a 6,5 km ao norte discorre o sendeiro PR-G 148 Ruta do Mar de Corme e Ribeira do Anllóns, e máis lonxe a uns 9,6 km ao leste o PR-G 142 Rota das Férvedas e a 13,4 km ao oeste, o PR-G 70 Sendeiro Laxe-Punta Ínsua, así como a Senda dos Faros.

Os aeroxeradores distribúense por unha zona de relevos suaves, conformado por sucesivas serras de cumios suaves, con altitudes que varían entre os 200 e 400m, que se aproximan á costa intercalándose con amplos vales labrados por cursos fluviais como o rego de Lourido, rego da Batán, río do Grelo, rego de Fontes e rego de Rodís. Estes, tras recoller as augas dos regatos que descenden dos montes próximos, van a confluír na canle do río Anllóns. As principais coberturas dos montes son plantacións forestais de repoboación e zonas de matogueiras. A vexetación autóctona coloniza as beiras dos cursos fluviais que regan o territorio.

A poboación da contorna distribúese en numerosos núcleos rurais de pequeno tamaño, dispersos polas abas e o val; o principal núcleo de poboación é Ponteceso 6,5 km ao noroeste e Carballo 9,4 km ao leste. As principais vías de comunicación que discorren polo ámbito do proxecto son a autovía AG-55 e as estradas AC-421, AC-423, ademais da DP-2901.



5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito; calcúlanse as cuncas visuais para cada aeroxerador e para o conxunto do parque, incluíndo infografías; identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimalizalos. Respecto á descrición das características principais do proxecto, fan unha chamada á epígrafe correspondente do EsIA onde se recolle tal información. Finalmente inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe e outro con medidas preventivas e correctoras.

O proxecto provocará unha importante intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo, nunha contorna de contraste entre as zonas de pendentes suaves, vales e chaira litoral, e os sucesivos cordais montañosos, podendo destacarse a visibilidade desde a costa e desde un número importante de núcleos de poboación, así como desde as paisaxes naturais asociadas ao curso do río Anllóns.

En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes, o parque incide sobre distintos elementos de interese recollidos no mesmo e mencionados no punto anterior, como son as AEIP, os miradoiros, ou as rutas de sendeirismo como a Senda dos Faros. Tamén se producirá incidencia sobre as vistas panorámicas dos miradoiros da contorna.

Outros impactos visuais produciranse sobre os núcleos de poboación podendo destacarse o impacto sobre o núcleo de Ponteceso e a súa rede de sendeiros. Así mesmo, a incidencia visual sobre as estradas que recorren o ámbito será elevada, principalmente sobre a autovía AG-55. En canto a rede hidrográfica, son varios os camiños propostos que cruzan algún dos cursos fluviais.

Os anteditos impactos visuais agravaranse pola presenza doutros parques eólicos na contorna do proxecto, sendo os máis próximos un parque en explotación, situado a 800m ao leste da posición BB-01, e outro en tramitación a 1,5 km ao noroeste do aeroxerador BB-05.

Respecto ás medidas de integración paisaxística previstas no EIIP, poden considerarse en xeral adecuadas, se ben deben completarse de acordo co que se sinala no apartado seguinte.

6. Conclusión:

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual derivada da presenza dos aeroxeradores nunha zona elevada, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos, tanto dende o bordo litoral como nas zonas de val interior, e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico doutros parques eólicos, o cal pode producir unha saturación visual de infraestruturas nesta zona do territorio. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os espazos públicos dos múltiples núcleos de poboación nos vales interiores, as AEIP (principalmente a AEIP-09-02 Río Lourido, os miradoiros (especialmente o Pico Meda e Monte de Neme) e as rutas de sendeirismo xa mencionadas. Esta incidencia visual, aínda que non pode evitarse con ningunha medida correctora agás nos núcleos rurais, non supón un



impacto crítico, se ben é susceptible de ser mitigada mediante determinadas medidas preventivas.

O contido do EIIP axustase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben deberá completarse segundo as seguintes indicacións (sen que sexa necesario solicitar un novo informe do IET).

En canto as de medidas de integración paisaxística, deberanse completar as mesmas segundo establecido no artigo 30 do RLPPG e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:

- Respecto ao edificio da subestación, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considerarase o emprego de técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional.
- Para unha mellor integración paisaxística da subestación, de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.20.o, o peche da parcela deberá complementarse cunha sebe vexetal, de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de numerosos núcleos rurais nun radio menor a 1 km ao proxecto de entre os recollidos no PBA, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, empregando sempre que sexa posible especies autóctonas.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

